

BANDO

Ante as noticias dadas a coñecer nos últimos días pola Xunta de Galicia sobre un importante incremento dos casos de Covid no municipio do Barco, faise necesario recordar á veciñanza a necesidade de cumprir todas as normas establecidas polas autoridades sanitarias para evitar unha maior propagación do coronavirus. O uso da máscara para todos os maiores de 6 anos, a distancia de seguridade ao manter relacións cos demais, e a intensificación da hixiene de mans, son as recomendacións que deben seguirse ao pé da letra para loitar contra esta pandemia.

No caso do Barco, a veciñanza ten tido un comportamento exemplar desde o inicio desta crise, o que permitiu que durante os últimos meses houbera moi poucos casos entre a poboación, e ningún ingreso hospitalario. Nos dous últimos días confirmáronse 26 positivos entre os nosos veciños. A orixe deste contaxios, dos que todos os datos apuntan ás relacións sociais en establecementos hoteleiros e comerciais, obriga á adopción de medidas drásticas para protexer aos nosos veciños.

Por este motivo, ademais das regras xa indicadas, é imprescindible que durante as vindeiras semanas se reduzan, na medida do posible, todas as reunións e celebracións, así como as concentracións de persoas tanto no ámbito privado como no público.

Dado que se rexistraron dous contaxios en centros escolares, desde hoxe quedarán pechados os parques infantís, xa que aínda que se trata de espazos ao aire libre, son lugares con alta concentración de nenos con contactos estreitos, cos que se poden producir contaxios. O peche manterase durante as próximas dúas semanas, á espera da evolución desta situación.

Ademais de desexar unha pronta recuperación aos afectados, o Concello pon o departamento de Servizos Sociais a disposición de todos eles para o que precisen.

Que isto se pare depende de nós. É o momento de demostrar que somos un pobo de veciños responsables e comprometidos. E, todos xuntos, evitar que a situación se agrave nos próximos días.

O Alcalde